



MEXILLÓN DE GALICIA

Consello Regulador

MEDIDAS BÁSICAS FRONTE AO CORONAVIRUS (COVID-19)

DIRECTRICES DE ACTUACIÓN

Dirixidas ao persoal do Consello Regulador do Mexillón de Galicia, operadores inscritos, así como persoas e entidades vinculadas.

PROPAGACIÓN DA ENFERMIDADE

O coronavirus (Covid-19) pódese propagar de persoa a persoa a través das partículas virais procedentes da boca ou do nariz, que saen despedidas cando unha persoa infectada tose, espirra ou exhala.

Se outras persoas inhalan esas partículas pódense contaxiar.

Tamén se estas partículas virais caen sobre obxectos e superficies, outras persoas poderán contaxiarse se tocan eses obxectos ou superficies e logo se tocan os ollos, o nariz ou a boca.

MEDIDAS XENÉRICAS:

1.- Cada persoa debe controlar a aparición de síntomas. Os síntomas máis comúns da enfermidade polo coronavirus (COVID-19) son **febre, tose e dificultade para respirar**.

Antes de asistir ao traballo débese controlar a temperatura corporal.

2.- No caso de que teña algunha dúbida ou necesite información, a Xunta de Galicia ten habilitado o teléfono gratuito **900 400 116 para que formule as súas consultas**.

3.- Se sospeita ter infección respiratoria, afástese doutras persoas e mantéñase a unha distancia de polo menos 2 metros, e informe á Dirección do Consello Regulador da situación e das persoas coas que mantivo contactos próximos.

4.- En caso grave ou emerxencia, póñase en contacto co **Servizo Sanitario telefónico 061**, e actúe conforme as súas indicacións (non acudir ao centro de saúde ou urxencias).

MEDIDAS ESPECÍFICAS

5.- Lavar as mans frecuentemente con auga e xabón ou co desinfectante que proporciona o Consello Regulador, cando se teña tocado utensilios (trabas de portas e ventás, pasamáns de escaleiras, chaves da luz, ...), mobiliario (mesas, cadeiras,...) , equipamento de traballo (ordenadores, balanzas, olas, impresoras, ...) de uso compartido ou común.

6.- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca se non se teñen as mans limpas.

7.- Ao tusir ou espirrar cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado ou cun pano e inmediatamente botalo ao lixo.

8.- Dentro das oficinas do CR e das instalacións de Control de Calidade só se permitirá a presenza do persoal do Consello Regulador. En caso de acumulación de operacións nos portos interesados farán a espera no exterior. Manterase distancia física de un metro entre as persoas evitando entrar en contacto entre elas.

9.- O CR establecerá as aplicacións e as medidas tecnolóxicas necesarias para realización do traballo e a prestación dos servizos de forma telemática ou telefónica.

10.- O persoal extremará a conduta aséptica (recomendacións 5 a 7).

11.- Os servizos de limpeza haberán de reforzar a limpeza con desinfectante (auga con lixivia) de utensilios, mobiliario, equipamentos de traballo, etc.

12.- Quedan prohibidas as viaxes e a participación en eventos (conferencias, feiras, exposicións, actos multitudinarios).

13.- Queda prohibida a participación en reunións, etc.; realizando as comunicacións a distancia (telefónica, videoconferencias, correo electrónico, etc.).